

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 7 DE ABRIL DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Meaño.
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Meaño.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Actividades Comerciais.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Xestión de Vendas e Espazos Comerciais.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se dispón que cese Sonia Martínez Arca como directora xeral de Saúde Pública.
- Decreto polo que se nomea a Andrés Paz-Ares Rodríguez como director xeral de Saúde Pública.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Decreto polo que se dispón que cese Antonio Crespo como director xeral de Desenvolvemento rural.

- Decreto polo que se dispón que se nomea a Miguel Pérez Dubois como director xeral de Desenvolvemento Rural.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para establecer que o importe conxunto dos pagamentos á conta alcance o 90% da porcentaxe subvencionada, así como para eximir os beneficiarios das ditas subvencións da obriga de constituíren garantías nos pagamentos á conta que poidan recibir, na Resolución da Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia de 2016 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a extensión de redes de banda larga de nova xeración de moi alta velocidade en polígonos industriais para o desenvolvemento da Industria 4.0 en Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense), para a realización das obras de construción dunha pista de atletismo cuberta, cun sistema hidráulico que permita a compatibilidade do uso deportivo co uso feiral, por importe de dous millóns setecentos trinta mil cincuenta e catro euros con cincuenta céntimos (2.730.054,50€).
- Acordo polo que se autoriza a superación do límite do 30% do concepto 131 para o financiamento da cobertura de prazas por acumulación de tarefas nas subdireccións do Imelga da Coruña, Santiago, Lugo, Pontevedra e Vigo.
- Acordo polo que se aproba a revisión efectuada dos procedementos administrativos da Consellería de Infraestruturas e Vivenda para os efectos da súa incorporación á sede electrónica mediante Orde do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello do Barco de Valdeorras para a execución das obras de renovación de infraestruturas na avenida da Deputación no tramo comprendido entre a rúa da Constitución e a pontella sobre o regato de Veigadecabo, por un importe de douscentos oitenta mil seiscentos vinte e tres euros con setenta e nove céntimos (280.623,79 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Carral, para a execución das obras de reurbanización das rúas Uxío Novoneyra, Pinguela e Cortaduría, por un importe de catrocentos setenta e un mil oitocentos cincuenta e sete euros con sesenta e seis céntimos (471.857,66 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara de incidencia supramunicipal o Proxecto sectorial Areeiras da Limia, concellos de Sandiás e Vilar de Santos (Ourense), para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, do ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Consorcio Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial para consolidar a unidade de transferencia da ciencia e da tecnoloxía matemática á industria, por un importe total de trescentos noventa e sete mil douscentos dezanove euros (397.219,00€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva da vacina antipneumocócica conxugada trecevalente (Prevenar 13), por un importe de tres millóns cincocentos vinte e tres mil cincocentos vinte euros (3.523.520,00 €) e un valor estimado de oito millóns cento trinta e un mil douscentos euros (8.131.200,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde para a promoción da participación do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo en programas de formación e docencia clínica do grao de Medicina, por un importe de cincuenta e nove mil seiscentos vinte e nove euros con sesenta e oito céntimos (59.629,68 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), para contribuír ao financiamento dun servizo social comunitario específico de atención temperá a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos e as súas familias. Importe total de trescentos mil euros (300.000,00€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre medidas de conciliación promovidas pola Consellería de Política Social no exercicio 2016.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre os convenios que se subscribirán entre a Consellería do Medio Rural e as entidades locais para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.


O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ESCUDO E A BANDEIRA DO CONCELLO DE MEAÑO (PONTEVEDRA)

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos que se aproban o escudo e a bandeira do concello pontevedrés de Meaño.

O escudo é cor prata (branco) cun piñeiro ao natural, flanqueado de dous acios de uvas de sinople (verde) e, na punta, dúas ondas de azur (azul). Ao timbre, a coroa real.

Pola súa banda, a bandeira está conformada por un pano verde cunha franxa branca e vertical, de dous terzos do ancho, na que se representa o piñeiro ao natural, flanqueado dos dous acios de uvas verdes.

ESCUDO E BANDEIRA DE MEAÑO



A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN ACTUALIZA OS CURRÍCULOS DOS CICLOS DE FP EN ACTIVIDADES COMERCIAIS E EN XESTIÓN DE VENDAS E ESPAZOS COMERCIAIS

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos novos plans, que se axustan ao Sistema nacional de cualificacións e formación profesional*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria adaptou ás necesidades do tecido social e produtivo galego o currículo do ciclo formativo de grao medio en Actividades Comerciais e do de grao superior en Xestión de vendas e espazos comerciais, uns plans de estudos aos que hoxe deu o visto e praxe o Consello da Xunta.

Coa aprobada hoxe o departamento educativo da Xunta actualizou un total de 96 currículos de ciclos formativos, incluíndo en todos eles a identificación do título, o seu perfil profesional, o contorno profesional, a perspectiva do título no sector ou nos sectores, as ensinanzas do ciclo formativo, a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención, así como os parámetros do contexto formativo no relativo a espazos, equipamentos, titulacións e especialidades do profesorado, e as súas equivalencias para efectos de docencia, de acordo co Sistema nacional de cualificacións e formación profesional. Así mesmo, determínanse os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias, e a información sobre os requisitos necesarios segundo a lexislación vixente para o exercicio profesional, cando proceda.

Ademais, o departamento educativo da Xunta de Galicia elaborou 21 currículos de formación profesional básica para que fose posible implantar en Galicia estas titulacións.

Competencias profesionais

A competencia xeral do título de técnico en Actividades Comerciais consiste en desenvolver actividades de distribución e comercialización de bens e/ou servizos, e en xestionar un pequeno establecemento comercial, aplicando as normas de calidade e seguridade establecidas. As persoas que obteñan o título de técnico en Actividades Comerciais poderán exercer a súa actividade en calquera sector produtivo dentro da área de comercialización ou nas seccións de establecementos comerciais, realizando actividades de venda de produtos e/ou servizos a través de diversas canles de comercialización, ou ben realizando funcións de organización e xestión do seu propio comercio.

Entre os postos de traballo que poderán desenvolver os titulados neste ciclo están os de vendedor, tamén a distancia ou na modalidade de televenda, representante ou

orientador comercial, promotor, teleoperador en "call centers", axente de información e atención á clientela, caixeiro, repoñedor, comerciante de tenda ou xerente de pequeno comercio, entre outras. Así mesmo poderá traballar nos almacéns como xefe, técnico de loxística ou responsable de recepción ou expedición de mercadorías.

Pola súa banda, os titulados no ciclo de grao superior en Xestión de Ventas e Espazos Comerciais estarán capacitados para xestionar as operacións comerciais de compravenda e distribución de produtos e servizos, e organizar a implantación e a animación de espazos comerciais, segundo criterios de calidade, seguridade e prevención de riscos, aplicando a normativa. Poderán exercer a súa actividade en empresas de calquera sector produtivo pero nomeadamente nas do sector do comercio e do márketing públicos e privados, realizando funcións de planificación, organización e xestión de actividades de compravenda de produtos e servizos, así como de deseño, implantación e xestión de espazos comerciais.

Entre as ocupacións que poderán desenvolver están as de xefe de vendas, representante comercial, encargado de tenda ou sección, axente comercial, supervisor de telemárketing, escaparatista, deseñador de espazos comerciais ou responsable de promocións no punto de venda.

SANIDADE NOMEA A ANDRÉS PAZ-ARES RODRÍGUEZ NOVO DIRECTOR XERAL DE SAÚDE PÚBLICA DA CONSELLERÍA

- ***Substitúe a Sonia Martínez Arca, quen foi separada hoxe polo Consello da Xunta para incorporarse como xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de Andrés Paz-Ares Rodríguez como novo director xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade. Paz-Ares substitúe neste cargo a Sonia Martínez Arca que, despois de máis de tres anos como directora xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, se incorporara agora como xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS).

Andrés Paz-Ares é licenciado en Veterinaria e desde 2012 viña exercendo o cargo de director técnico sanitario de Industrias Alimentarias da zona de Pontevedra. Anteriormente, desde 1994 ata 2012 exerceu os cargos de xefe dos servizos veterinarios oficiais de Saúde pública de Lalín, Vigo e Pontevedra. Ademais, traballou como inspector veterinario oficial de Saúde Pública entre maio de 2000 e xaneiro de 2011.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA DIRECTOR XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL A MIGUEL PÉREZ DUBOIS

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Miguel Pérez Dubois como director xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural. Asume o cargo en substitución de Antonio Crespo Iglesias, que cesa por petición propia para seguir a traballar a prol do rural desde unha posición máis próxima ao cidadán.

Miguel Pérez Dubois, de 55 anos de idade, era ata agora xefe territorial do Medio Rural en Pontevedra. Enxeñeiro agrónomo (especializado en Enxeñería Rural), é ademais funcionario de carreira do corpo superior de enxeñeiros agrónomos do Estado por oposición aprobada no ano 1986. Un ano despois pasou a ser funcionario do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia. Foi tamén (entre os anos 1990 e 1992) inspector ambiental da Comisión Provincial de Medio Ambiente en Pontevedra.

A súa experiencia profesional está moi vinculada á Consellería do Medio Rural, xa que desde maio de 1987 desempeñou diferentes responsabilidades, primeiro na Delegación Provincial deste departamento en Pontevedra e despois en servizos centrais, desde funcionario en prácticas ata subdirector xeral de Infraestruturas Agrarias.

A XUNTA APROBA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA DESPREGAR REDES DE 100 MEGAS EN POLÍGONOS INDUSTRIAIS

- *É a primeira liña de actuación do Plan de banda larga 2020 para estender redes ultrarrápidas en zonas con alta demanda, sen cobertura nin previsión de dispoñer destas redes*
- *Permitirá que o 90% da superficie empresarial ocupada de Galicia poida acceder a redes de 100 megas en ano e medio*
- *Conta cun orzamento de 3,4 millóns de euros para o período 2016-2018*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria de axudas a operadores de telecomunicacións para despregar redes de 100 megas nos polígonos industriais que non contan con cobertura nin previsión de dispoñer destas redes. Con esta convocatoria, que se publicará nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia*, o Goberno galego cumpre o compromiso de poñer en marcha a primeira medida do Plan de Banda Larga de Galicia 2020 no primeiro cuadrimestre de 2016.

A convocatoria establece un obxectivo total de 115 polígonos divididos en tres prioridades (alta, media e baixa), fixando unha cobertura mínima de 50 polígonos industriais. Deste xeito garántese que, como mínimo, o 60% dos polígonos industriais de Galicia, nos cales se concentra case o 90% da superficie empresarial ocupada, dispoñan de acceso a redes de 100 Mbps no ano 2018

A Xunta, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, destina a esta convocatoria un orzamento máximo de 3.424.610,80 euros no período 2016-2018, e estima que o investimento total que se xerará será de máis de 5,2 millóns de euros. As subvencións que se concedan non superarán o 65% do custo total do proxecto.

Estas subvencións cofináncianse ao 75% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR).

Prazos e características da convocatoria

Os operadores de telecomunicación poderán presentar as súas solicitudes no prazo máximo dun mes desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no DOG.

A convocatoria incluírá un anexo cos polígonos industriais que poden acollerse á subvención por ser considerados "zonas brancas" de redes de nova xeración, é dicir que carecen de cobertura destas redes nin previsión de dispoñer delas .

As redes con que se doten os polígonos deberán proporcionar servizos de cando menos 100 megas de baixada e 20 de subida, ofrecer unha garantía de caudal do 80% e non limitar as descargas.

Plan de banda larga de Galicia 2020

O Plan de Banda Larga de Galicia 2020, aprobado o 1 de outubro de 2015 no Consello da Xunta, asume os obxectivos establecidos na Axenda Dixital para Europa de garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga por riba dos 100Mbps.

Para a consecución das metas fixadas o Plan establece un conxunto de medidas enmarcadas en tres itinerarios diferenciados que se levarán a cabo ata 2020. É no marco do Itinerario 1 onde se definen as seguintes medidas para a extensión, modernización e innovación das redes de telecomunicación en Galicia:

- Extensión de redes de 100Mbps ata acadar case 1,7 millóns de habitantes (o 60% da poboación de Galicia) e o 55% dos polígonos con cobertura de redes de nova xeración.
- Extensión de redes de 30Mbps ata acadar case 2,66 millóns de habitantes (o 96 % da poboación) e o 100% dos polígonos con cobertura de 30Mbps.
- Universalización da banda larga de 30Mbps mediante a posta en marcha de subvencións para a contratación de banda larga vía satélite naquelas zonas máis illadas ás cales non cheguen as redes (obxectivo do 4% da poboación restante).

Para conseguir estes obxectivos o Plan de banda larga 2020 mobilizará 46 millóns de euros, entre financiamento público e privado. A este orzamento engádese o investimento previsto polo Estado de 44 millóns de euros en Galicia dentro do Programa de extensión da banda larga de nova xeración que, xunto co investimento privado inducido por esta medida, suporán máis 100 millóns de euros de en cinco anos no impulso, despregamento e adopción de redes ultrarrápidas en Galicia.

A XUNTA AUTORIZA A SINATURA DO CONVENIO PARA CONSTRUÍR EN EXPOURENSE A PRIMEIRA PISTA DE ATLETISMO HIDRÁULICA CUBERTA DE GALICIA

- *O novo proxecto será compatible co uso actual das instalacións como recinto feiral e abordarase este ano con cargo aos orzamentos da Secretaría Xeral para o Deporte, que dispón de máis de 2.700.000 euros para esta obra*
- *A construción da pista favorecerá a internacionalización de Expourense e que se aumenten os días de ocupación*

O Consello de Goberno da Xunta de Galicia autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, Expourense, para a construción no recinto feiral da primeira pista de atletismo hidráulica cuberta de Galicia. Este autorización segue á dada no día de onte polo Padroado da Fundación, presidida polo conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde.

A nova pista, que será construída neste ano a través do investimento da Secretaría Xeral para o Deporte de máis de 2.700.000 euros, permite a compatibilidade de uso coas feiras que se celebran en Expourense. Esta compatibilidade fará que a instalación sexa máis competitiva e favorecerá a súa internacionalización e o aumento dos días de ocupación do recinto, o que supón un impacto económico para Ourense e o resto de Galicia. Ademais, a pista poderá acoller citas autonómicas e nacionais e garante a posibilidade de organizar campionatos internacionais de atletismo, convertendo Expourense nun referente do noroeste español na organización de eventos deportivos.

Logo da subscripción do convenio hoxe autorizado, a Secretaría Xeral para o Deporte procederá á publicación no *Diario Oficial de Galicia* do anuncio da licitación conxunta do proxecto e da obra.

A pista deportiva

A licitación da pista incluírá todos os traballos necesarios para conseguir a homologación clase C (PC I) por parte da Real Federación Española de Atletismo (RFEA). Esta categoría de homologación é a máis alta que outorga a RFEA para pistas cubertas, e permite a realización de todo tipo de competicións de nivel nacional e incluso internacional, dotando a instalación das bancadas e instalacións auxiliares necesarias.

A pista contará con 6 estaxes en pista circular de 200 metros de perímetro, 8 estaxes en pista recta, zona de lanzamento de peso, zona de salto de altura, corredor de salto de lonxitude e triplo, e corredor de salto con pértega.

As actuacións previstas inclúen:

- A obra civil necesaria para a implantación da pista dentro do recinto feiral, incluíndo a escavación e a construción dos muros e lousas necesarios para o foso da pista e a nivelación do pavimento existente na zona de *pelousse*. Desviaranse as instalacións existentes nos puntos que sexa necesario e construíranse as novas instalacións precisas para dar servizo ás necesidades tanto de uso feiral como de uso deportivo (incluíndo a previsión para a cronometraxe, a foto finish e o vídeo finish).
- A propia construción da pista, que se dispón, na zona do anel, sobre unha estrutura de aceiro galvanizado e taboleiros fenólicos, que se elevan e descenden nas curvas da pista mediante un sistema de cilindros hidráulicos.
- Ampliarase a iluminación existente no recinto feiral, para adecuala ás necesidades do uso deportivo, cun sistema de accionado independente da iluminación feiral, de xeito que se garanta a eficiencia enerxética da instalación.
- Adaptaranse os espazos existentes para conseguir a dotación mínima de vestiarios, aseos, oficinas, almacéns e outros espazos auxiliares necesarios para as competicións.
- Dotarase a pista do equipamento completo para a competición, incluíndo táboas de batida, caixas de pértega, o foso de caída de salto co seu sistema de cubrición, a zona de caída de peso e o material necesario para as diferentes probas, incluso os útiles de medición.
- Disporase dunha bancada telescópica para 500 espectadores, coa posibilidade de ampliála nun futuro ata 2.000 espectadores. O sistema telescópico permite pregar a bancada durante a realización de eventos feirais, de xeito que non é necesario desmontala e apenas reduce a superficie dispoñible para a realización de eventos.

A XUNTA AUTORIZA O FINANCIAMENTO EXTRAORDINARIO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE PRAZAS NAS SUBDIRECCIÓNS DO IMELGA DA CORUÑA, SANTIAGO, LUGO, PONTEVEDRA E VIGO

- *Ademais, considérase necesario dotar dun equipo psicosocial de reforzo a maiores a Subdirección do Imelga en Vigo, que previsiblemente comece a prestar servizos a mediados deste mes*
- *Posibilitarán a eliminación de atrasos nas citacións, entrevistas e elaboración de informes nos expedientes pendentes de resolver*
- *Estes profesionais participan en asuntos relacionados co dereito de familia, como garda e custodia, modificación de medidas, ou de violencia de xénero e doméstica, entre outros.*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá aprobar a autorización da superación do límite do 30 por cento do concepto 131, recollida no artigo 8.3a) da Lei de orzamentos para o ano 2016 para o financiamento da cobertura de prazas por acumulación de tarefas nas subdireccións do Imelga da Coruña, Santiago, Lugo, Pontevedra e Vigo.

Dentro do obxectivo xeral de contribuír a unha xustiza máis áxil e eficiente, a Xunta de Galicia, a través da súa Vicepresidencia, decidiu reforzar de xeito urxente ao persoal destes equipos durante un período suficiente para poder facer fronte a esta situación de necesidade, ademais de dotar outro equipo a maiores para a cidade de Vigo.

O Goberno galego considera necesario seguir contando cos 6 equipos psicosociais que viñeron prestando servizos na modalidade de acumulación de tarefas dende o pasado mes de xuño de 2015 ata a fin dos seus contratos a principios do mes de marzo deste ano 2016, polo que volverán ser contratados a partir de xuño deste ano, debido a que aínda que estes reforzos puntuais axilizaron nos meses pasados os retrasos acumulados nas distintas subdireccións, existe a previsión obxectiva de que persista unha situación de desaxuste entre a petición de informes e a capacidade de resposta dos equipos, particularmente na Coruña, Pontevedra, Lugo e Santiago. Todo isto sen prexuízo de que, logo da constatación estatística ao longo do presente ano da súa necesidade, de proceder nun futuro inmediato a consolidar algúns dos equipos que agora se acorda reforzar.

A carga real de traballo que ten que atender o Instituto experimentou un aumento progresivo nos últimos anos debido a un incremento da demanda por parte dos xulgados deste tipo de equipos en asuntos de veracidade do testemuño en menores vítimas de abusos, garda e custodia en procesos de familia, violencia de xénero e acoso laboral e escolar, entre outros.

Ademais, o Goberno galego considera necesario dotar dun equipo psicosocial a maiores a Subdirección do Imelga en Vigo que, previsiblemente, comezará a prestar servizos a mediados deste mes, necesidade suscitada coa recente posta en marcha dun xulgado de reforzo en materia de familia (o terceiro dos xulgados especializados en Vigo), o que está a xerar máis peticións de informes a estes profesionais. Este equipo de reforzo axilizará tamén a tramitación en materia de violencia de xénero, polo que atinxe aos informes que dependen destes profesionais.

Equipos psicosociais Imelga

Os equipos psicosociais teñen que, entre outras funcións, atender as demandas de valoración e elaboración de informes en procedementos altamente sensibles. Os asuntos sobre os que se requiren cuestións son de grande importancia para a vida cotiá das persoas e requiren que sexan atendidos nun tempo razoable, precisando dunha metodoloxía específica tanto no ámbito civil como penal, cun manexo de datos de alta sensibilidade.

Entre os ditos asuntos atópanse valoracións do ámbito de familia: gardas e custodias, réximes de visitas, modificacións de medidas; e do ámbito penal: violencia de xénero e doméstica, credibilidade do testemuño en abusos sexuais, probas preconstituídas, valoracións de incapacidades e sociofamiliares.

TRES DE CADA CATRO PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS SERÁN ACCESIBLES PARA CIIDADÁNS E EMPRESAS GALEGAS A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a incorporación á sede electrónica de 48 novos procedementos pertencentes á Consellería de Infraestruturas e Vivenda*
- *En 2014 o Goberno galego puxo en marcha o Plan Achega, co obxectivo de acadar unha Administración máis áxil, eficiente e próxima nas súas relacións coa cidadanía*
- *Con esta incorporación ascenderán a 1.140 os procedementos accesibles a través da web, o que supón o 75% do total dos trámites da Xunta*

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha orde da Vicepresidencia que autoriza a incorporación á sede electrónica, <http://sede.xunta.es>, de 48 procedementos administrativos da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

Esta actuación englobase no Plan Achega, un plan de axilización administrativa que busca reducir cargas e tempos de tramitación a cidadáns e empresas e que culminará coa simplificación e mellora da totalidade dos procedementos administrativos da Xunta.

Coa incorporación destes 48 novos procedementos á sede electrónica, xa ascenden a 1.140 os trámites aos cales os galegos e as galegas poden acceder de xeito electrónico. Isto supón un 75 por cento do total que oferta a Xunta de Galicia, que son 1.520 procedementos.

95 procedementos revisados

Nesta última operación, a que hoxe vai a Consello, revisáronse os 95 procedementos da Consellería de Infraestruturas e Vivenda. Destes, déronse de baixa 47 por estaren obsoletos ou por seren refundidos.

Finalmente, 48 procedementos foron preparados para admitir a súa presentación electrónica a partir da entrada en vigor da nova orde da Vicepresidencia da Xunta. Entre estes novos procedementos destacan, por exemplo, o rexistro público de demandantes de vivendas de Galicia, o depósito de fianzas, a autorización de transportes regulares de uso especial (escolares, nocturnos, entre outros), a xestión da renda básica de emancipación, a instalación de sinais informativos ou os movementos de terras, entre outros trámites.

A partir da publicación desta orde, os grupos de traballo continuarán coa revisión dos procedementos restantes e procederase á súa adaptación e incorporación, de ser o caso, á sede electrónica mediante novas ordes da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Notificación electrónica

Nestes 48 novos procedementos as persoas interesadas poderán solicitar que as notificacións que se practiquen sexan realizadas tamén de maneira electrónica, o que redundará nunha maior axilidade nas relacións entre a Xunta de Galicia e a cidadanía.

Plan Achega 2014-2016

O 27 de febreiro de 2014 a Xunta aprobou o Plan Achega, un plan que, como o seu propio nome indica, pretende alcanzar o máximo grao de achegamento da Administración á cidadanía a través dunha relación entre ambas máis simple, rápida e fluída, e grazas ao papel fundamental que xogan na actualidade as novas tecnoloxías e os medios electrónicos.

Os eixes centrais do Plan Achega son potenciar a sede electrónica da Xunta mediante a culminación da incorporación de todos os procesos administrativos á disposición do cidadán, a simplificación dos procedementos e a eliminación dos documentos que progresivamente se incorporen na plataforma de interoperabilidade, é dicir, que non se lle pida ao cidadán que presente novamente documentos que a propia Administración poida obter directamente.

Desde a súa posta en marcha xa incorporaron á sede electrónica da Xunta os seus procedementos a Presidencia e Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; a Consellería do Medio Rural e do Mar; Traballo e Benestar; así como Economía, Emprego e Industria, ás cales se suma agora a Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

Está previsto que no mes de maio remate a revisión dos procedementos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para continuar coa de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no verán e finalizar coa de Sanidade no outono.

Cómpre lembrar que mediante a sede electrónica o cidadán terá a seguridade de que toda a información que intercambia coa Administración está cifrada e o acceso mediante certificado electrónico ou DNI garante a identidade da persoa. Os cidadáns e as empresas poden acceder desta forma á mesma información a aos mesmos servizos que teñen á súa disposición en calquera dos portelos físicos das consellerías, pero cunha maior facilidade e aforro de tempos, xa que non terá que acudir á oficina de xeito presencial para realizar as súas xestións e poderá facelo desde o seu domicilio ou outros lugares a través da internet.

Isto é posible posto que, xunto coa sede electrónica, a Xunta de Galicia tamén dispón dun Rexistro Electrónico Único, de acceso libre e gratuito na sede electrónica, o cal permite a recepción e remisión de solicitudes, escritos e comunicacións durante as

vinte e catro horas de todos os días do ano. Unha vez presentada a solicitude, este rexistro electrónico emite de forma automática o correspondente xustificante de presentación.

MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ 750.000 EUROS EN DÚAS ACTUACIÓNS DE HUMANIZACIÓN E MELLORA DOS ESPAZOS PÚBLICOS NOS CONCELLOS DE DO BARCO DE VALDEORRAS E CARRAL

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dos convenios de colaboración que permitirán a licitación dos traballos, logo da súa sinatura, entre a Administración autonómica e a local*
- *Ambas as actuacións están enmarcadas dentro do Plan HURBE 2010-2016, que ten como obxectivo dar resposta á necesidade da humanización das vilas de Galicia*
- *Para este exercicio está previsto un investimento de máis de seis millóns de euros, dos que preto de catro serán para novas actuacións, o que permitirán realizar investimentos en máis de 20 concellos*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace aos convenios de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e os concellos do Barco de Valdeorras e Carral, dúas actuacións recollidas no Plan HURBE 2010-2016, que suman un importe de máis de 750.000 euros, e que responden ao programa de humanización de rúas e urbanización e mellora de espazos públicos.

Así, o departamento que dirixe Beatriz Mato executará varias obras de mellora e humanización que suporán poñer en valor distintas zonas destes dous concellos galegos. Logo da licitación dos traballos, será necesario asinar os convenios de colaboración, en que se recollen as obrigas e deberes de cada unha das administracións asinantes, así como os traballos concretos que se levarán a cabo e que mellorarán a calidade de vida dos veciños e veciñas destes concellos galegos.

No caso do concello do Barco de Valdeorras, cun orzamento próximo aos 300.000 euros, o obxectivo do convenio é poñer en valor a avenida da Deputación, coa mellora das infraestruturas básicas no tramo comprendido entre a rúa da Constitución e a pontella sobre o regato de Veigadecabo. Este tramo da rúa conta cunhas infraestruturas de saneamento e abastecemento moi antigas e obsoletas, que provocan numerosas roturas e fugas e impiden a prestación dun correcto servizo aos usuarios.

En Carral mellorarase o estado e condicións das rúas Uxío Novoneyra, Pinguela, Cortaduría e a praza do Curro do Corno, soterrando as instalacións aéreas, mellorando a distribución de contedores para a recollida de lixo, reorganizando o tráfico na zona, polo que non só se trata duna actuación para mellorar a estética das rúas senón que implica unha mellora da rede de saneamento e de equipamentos. A Consellería de Medio Ambiente destinará un importe de máis de 470.000 euros.

Na totalidade das actuacións prevese unha reordenación dos usos e posta en valor dos espazos, facendo destes lugares puntos de encontro máis cómodos para os seus habitantes e aumentando as cotas de benestar dos veciños.

Plan HURBE

O Plan HURBE 2010-2016 nace como resposta á necesidade da humanización das vilas de Galicia. Tendo en conta o modelo social de integración cidadá, busca o achegamento dos entramados urbanos aos seus habitantes mediante a adecuación e creación de espazos públicos para as necesidades vixentes.

Segundo o Plan de investimentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, o departamento destinará máis de seis millóns de euros, dos que preto de catro serán para novas actuacións, que permitirán realizar investimentos en arredor de 20 concellos. O orzamento investirase, principalmente, na humanización de rúas e á urbanización e mellora de espazos públicos.

Desde a Xunta de Galicia apóstase por este tipo de programas porque, ademais de contribuíren ao reequilibrio territorial de Galicia e á fixación de poboación no rural mediante a mellora da calidade de vida nestas áreas, fomenta a creación e mellora dos espazos de encontro e gozo do lecer en condicións óptimas de calidade e seguridade para as persoas de todas as idades.

Tamén se favorece a sustentabilidade futura compatibilizando o desenvolvemento económico e a agrupación arredor dos núcleos de poboación con criterios de ordenación territorial e habitabilidade, recupéranse espazos públicos que foron perdendo o seu carácter de áreas de interacción social por un inadecuado desenvolvemento urbanístico e potenciase a conservación dos equipamentos urbanos patrimonio histórico das nosas vilas.

A XUNTA INICIA A ORDENACIÓN DA ACTIVIDADE MINEIRA DAS AREEIRAS DA LIMIA

- *O Consello da Xunta acordou hoxe a incidencia supramunicipal do proxecto sectorial que ordenará o traballo das compañías mineiras, situadas en Sandiás e Vilar de Santos*
- *A iniciativa contribuirá ao mantemento dos 240 empregos directos e indirectos que dependen das 9 empresas instaladas actualmente, simplificando os trámites para que leven a cabo de forma máis áxil a explotación dos xacementos e programando a súa restauración progresiva*
- *A actuación afecta unha superficie de máis de 7 millóns de m², dos que 4,7 millóns están por explotar*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de supramunicipalidade dun proxecto sectorial para ordenar e planificar a longo prazo os traballos nas explotacións areeiras en Sandiás e Vilar de Santos, dando así o primeiro paso na tramitación dunha iniciativa que impulsará a actividade das 9 industrias mineiras da comarca da Limia, que xeran 240 empregos directos e indirectos e que producen 3 millóns de toneladas de area ao ano.

Esta actuación afectará unha superficie de máis de 7 millóns de metros cadrados, dos que 4,7 millóns de metros cadrados están sen explotar. O proxecto permitirá planificar unha explotación racional dos recursos, así como unha restauración progresiva dos terreos, recuperando así parte da lagoa de Antela. Ademais, axilizará os procesos ao unificar as autorizacións administrativas e contribuirá ao mantemento do emprego e ao impulso a novos proxectos.

Unha vez obtida a declaración de incidencia supramunicipal, o proxecto someterase en abril a información pública e, de forma paralela, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, que levará a cabo a tramitación ambiental. Durante o proceso, no cal se contará coa opinión dos organismos preceptivos, darase tamén audiencia aos concellos afectados. Este procedemento garantista culminará, se procede, coa aprobación final por parte do Consello da Xunta.

Con esta medida, a Xunta segue a apostar por unha minaría sustentable e xeradora de valor para Galicia, que aposta por investir e crear riqueza en Galicia ao mesmo tempo que respecta o medio natural da comunidade. Este sector que suma 7.000 persoas e supón máis do 1,2% do PIB galego, e é clave para outros eidos de actividade, como a construción. Neste senso, as areas extraídas na Limia son especialmente útiles para a fabricación de formigón.

CULTURA E EDUCACIÓN DESTINARÁ CASE 400.000 EUROS A IMPULSAR A ACTIVIDADE DO INSTITUTO TECNOLÓXICO DE MATEMÁTICA INDUSTRIAL, NO QUE PARTICIPAN AS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS

- ***A Consellería apoia así a innovación e a excelencia na investigación neste sector produtivo***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará 397.219 euros ao impulso da actividade do Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI), un consorcio en que participan as tres universidades galegas e que ten como obxectivo fortalecer e potenciar a competitividade no contorno industrial e empresarial a través do desenvolvemento da tecnoloxía matemática avanzada orientada á transferencia e á industria. Deste xeito contribúese a xerar valor engadido para a sociedade e apóiase a innovación e a excelencia na investigación neste sector produtivo.

A axuda irá destinada a subvencionar o gasto realizado polo ITMATI na realización de diferentes accións, nomeadamente a contratación de xestores de transferencia de tecnoloxía e innovación e a difusión á industria das actividades que se desenvolvan no instituto, de tal forma que as empresas poidan ter contacto directo coa ITMATI e co traballo que o seu persoal investigador desenvolve. Así mesmo serán obxecto da axuda os custos xerais de administración e xerencia do ITMATI que se dediquen de xeito directo nas tarefas de transferencia de tecnoloxía e innovación (máximo un 25%) e o material funxible.

O acordo inscríbese no apoio que a Consellería de Cultura e Educación está a dar ás universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para o desenvolvemento de actividades que melloren os seus resultados, fundamentalmente na materia de I+D+i. De feito, o novo Plan galego de financiamento universitario 2016-2020 aposta por incrementar o peso do financiamento vinculado a resultados de investigación, de transferencia e docentes, co obxectivo de que en 2020 representen o 40% dos fondos do plan.

A acción enmárcase, así mesmo, no eixo estratéxico 3 do Plan galego de investigación, innovación e crecemento, que asume que para garantir a produción dunha investigación de calidade e excelencia por parte do sistema de I+D+i é esencial contar con estrutura e prácticas xestoras eficaces, de maneira que se cree unha contorna favorable á investigación, cun sistema integral que garanta a eficiencia operativa.

O ITMATI

Para a consecución dos seus fins, o ITMATI desenvolve actividades relacionadas coa atención ás necesidades tecnolóxicas das entidades e empresas que o requiran (prestando servizos de asistencia técnica), a formación técnica especializada, a vixilancia e prospectiva tecnolóxica, así como a difusión de información e outros servizos análogos vinculados á xestión do coñecemento, á tecnoloxía e á investigación.

Así mesmo, presta colaboración na transferencia de resultados de investigación entre os organismos públicos e privados de investigación e as empresas, e promove as actividades de transferencia cara á industria do coñecemento e da tecnoloxía desenvolvida polo consorcio e nos grupos de investigación asociados a este, os servizos de dinamización e concepción de proxectos de investigación e desenvolvemento orientados á innovación, e as actividades de formación do persoal técnico e científico en tecnoloxías e métodos.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DE VACINAS ANTINEUMOCÓCICAS POR UN VALOR ESTIMADO DE 8,1 MILLÓNS DE EUROS

- *Están incluídas no Calendario Galego de Vacinación infantil, e distribúese gratuitamente nos centros asistenciais garantindo a equidade no seu acceso*
- *Estímase que entre 2011 e 2014 permitiu evitar uns 930 casos de enfermidade pneumocócica invasora e unhas 35 mortes*

O Consello da Xunta autorizou o expediente de gasto relativo á contratación da subministración sucesiva para 2016 e 2017 da vacina antineumocócica conxugada trecevalente (PREVENAR 13) da Consellería de Sanidade por un valor estimado de 8.131.200 euros (importe inicial sen IVE, máis as posibles prórrogas, ata o 20% de modificacións, e ampliacións).

En xaneiro de 2011 iniciouse en Galicia un programa piloto de inmunización fronte ao pneumococo con esta vacina, unha das máis beneficiosas en canto á saúde e protección da poboación.

Unha vez que este estudo acadou unha continuidade de varios anos, e cos excelentes resultados obtidos na prevención da enfermidade nesta Comunidade, deu lugar á toma de decisión a nivel do Estado no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde para a súa incorporación no calendario sistemático de vacinación, acordo que puxo en marcha o pasado ano na maioría das comunidades autónomas. En Galicia incluíuse de maneira definitiva en abril no calendario de vacinación infantil, e distribúese gratuitamente nos centros asistenciais garantindo así a equidade no seu acceso.

Beneficios da vacina

O programa piloto tiña como obxectivo previr gran parte dos casos graves producidos polo pneumococo nos nenos de Galicia (septicemia, meninxites, pneumonías e infeccións osteoarticulares), pneumonía non bacteriémica e derrames pleurais e, en menor proporción, evitar outras patoloxías moi frecuentes nos rapaces, como as otites e as sinusites.

Os resultados confirmaron as expectativas, tanto en relación coa aceptación da vacina como en diminución do número de casos en todas as idades, verificándose o impacto poboacional que ten grazas aos seus efectos indirectos, que benefician tamén a poboación non inmunizada.

En total estímase que, nos catro anos do estudio piloto (2011-2014), a vacinación permitiu evitar uns 400 casos de enfermidade pneumocócica invasora no bienio 2011/2012 e uns 530 no bienio 2013/2014, para un total de 931 durante todo o

estudo piloto, e unhas 35 mortes. Así mesmo, cómpre sinalar que, debido ás características destas estimacións, estes números probablemente representen unha subestimación do verdadeiro número de casos evitados.

CONVOCARANSE NOVE PRAZAS PARA PROFESIONAIS SANITARIOS DO CHUVI PARA IMPARTIR DOCENCIA CLÍNICA PRÁCTICA A ALUMNOS DE MEDICINA

- *Serán para os cursos académicos 2016/17 e 2017/18*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela para a promoción da participación do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) no programa de formación do grao de Medicina. Este acordo habilita para a convocatoria de nove prazas de profesor asociado de Ciencias da Saúde para profesionais sanitarios do devandito complexo sanitario para impartir a docencia clínica práctica de sexto curso de Medicina.

Estas nove prazas serán para impartir docencia durante os cursos académicos 2016/17 e 2017/18, distribuídas nas seguintes áreas de coñecemento: catro prazas da área de Medicina Clínica (Cardioloxía, Dixestivo, Neuroloxía e Pneumoloxía); tres prazas da área de Medicina Cirúrxica (Anestesioloxía, Cirurxía vascular e Neurocirurxía); unha praza de Psiquiatría e unha praza de Pediatría.

Beneficiaranse desta iniciativa entre 60 e 80 alumnos de Medicina. Esta docencia práctica conta co estímulo da participación activa dos profesionais do CHUVI para acadar una formación continuada de calidade que redundará nunha maior satisfacción dos profesionais e tamén nunha mellor atención aos cidadáns e usuarios do sistema sanitario.

Con este convenio de colaboración dase un paso máis no acordo asinado o pasado 9 de outubro de 2015 entre as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, e as consellerías de Sanidade-Sergas e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; o primeiro, desde a creación do Sistema Universitario de Galicia, entre as tres universidades públicas galegas para a impartición dun grao, o de Medicina.

A XUNTA DE GALICIA APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ CO QUE SE FINANCIARÁN TRES UNIDADES DE APOIO PSICOSOCIAL

- ***A Administración autonómica investirá un total de 300.000 euros na atención a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento***
- ***As tres unidades están situadas nas comarcas do Deza, do Salnés e de Bergantiños***

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración coa Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) a través do cal se colaborará no financiamento de tres unidades de apoio psicosocial, dirixidas á atención de nenos e nenas de entre 0 e 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos. Así mesmo, prestarase apoio ás súas familias e ao seu contorno, coa finalidade de facilitar o desenvolvemento da autonomía persoal destes menores e a súa inclusión social. As tres unidades contan cada unha cun equipo de profesionais especialistas en desenvolvemento infantil e atención temperá.

Grazas a este convenio, previsto na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, a Xunta achegará 300.000 euros para o financiamento da actividade das tres unidades. Isto supón un incremento de 25.000 euros con respecto ao exercicio pasado, e 100.000 euros máis que no ano 2009.

A importancia dunha abordaxe temperá é un elemento esencial para a efectividade das políticas sociais, xa que permite diminuír as situacións futuras de dependencia e consecuentemente, acadar unha sociedade máis igualitaria para todos os seus compoñentes. Dada a situación demográfica da comunidade, é especialmente relevante o desenvolvemento dos menores para que acaden unha vida normalizada e coas mellores cotas de autonomía persoal.

As dúas primeiras unidades de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar comarcais de Galicia, no Deza e no Salnés, iniciaron a súa actividade no ano 2009, e no 2014 entrou en funcionamento unha nova unidade na comarca de Bergantiños. A través destas tres unidades, un total de 313 familias foron atendidas no ano 2015, e co incremento orzamentario no presente exercicio búscase aumentar esta cifra e reforzar aquelas prestacións que dentro da carteira de servizos á atención temperá teñan máis demanda.

Por outra banda, esa cobertura vaise reforzar mediante unha nova liña de subvencións que a Xunta porá en marcha para o financiamento destes servizos a través das entidades locais, consolidando así a Rede Galega de Atención Temperá e facendo desta un verdadeiro servizo de proximidade para os nenos e nenas e as súas familias. Así, destinaranse á dita convocatoria de subvencións 2.252.216 euros.

Deste xeito, e de forma directa para este tipo de servizos, supéranse os 2,5 millóns de euros, ademais do orzamento que se destina ás entidades do ámbito da discapacidade, que tamén prevén este tipo de servizos entre os seus programas e recursos.

Este convenio, enmárcase no eixe 2 do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, na Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020 e na Estratexia de prevención da dependencia, Horizonte 2020. Así mesmo, é unha das actuacións recollidas na Axenda Galega de Atención Temperá 2015-2016, un documento que representa a acción coordinada entre os sistemas implicados na atención temperá como o sistema de saúde, de educación e de servizos sociais, para unha abordaxe integral e temperá do desenvolvemento infantil e o apoio ás familias.

A XUNTA DE GALICIA DESTINARÁ NA ÁREA DE INFANCIA MÁIS DE 66 MILLÓNS DE EUROS AO DESENVOLVEMENTO DE MEDIDAS DE CONCILIACIÓN

- *O investimento reflectirase na posta en marcha de novos recursos como as casas niño, as escolas infantís en contornos empresariais ou o Servizo de Axuda no Fogar Infantil- Bono Coidado*
- *Levarase a cabo unha mellora da oferta de prazas nos recursos de atención á infancia xa existentes, polo que no vindeiro curso 2016-17 máis de 22.000 prazas estarán sostidas con fondos públicos, chegando a unha cobertura do 37% dos nenos e nenas de 0 a 3 anos*
- *No presente exercicio, a Consellería de Política Social elevará ao Consello da Xunta unha iniciativa para a incorporación de cláusulas sociais a favor das empresas que apliquen medidas de conciliación en todas as licitacións de contratos da Administración autonómica*

A Consellería de Política Social informou hoxe no Consello da Xunta sobre as medidas de conciliación que se están a promover desde o dito departamento autonómico e para as que se destinarán máis de 66 millóns de euros.

A Consellería de Política Social traballa no desenvolvemento dos mecanismos precisos para facilitar a conciliación e a corresponsabilidade na vida familiar e laboral, mellorando a oferta de recursos e servizos para que respondan ás expectativas e necesidades dos pais e nais e, ao mesmo tempo, contribúan ao desenvolvemento afectivo, psicolóxico e físico das e dos menores. Así, en 2016 as principais actuacións que se desenvolverán concréntanse na mellora e diversificación dos recursos de atención á infancia e na posta en marcha de accións de promoción da conciliación no ámbito empresarial.

Unha desas medidas consistirá en mellorar a oferta de prazas nos recursos de atención á infancia existentes. No vindeiro curso escolar 2016-17, Galicia contará cun total de 22.316 prazas sostidas con fondos públicos e alcanzarse unha cobertura do 37,29% dos nenos e nenas galegos de 0 a 3 anos. Estas prazas, estarán á disposición da poboación a través das escolas infantís de 0 a 3 anos, nas cales se inclúe a Rede de Escolas Infantís dependente da Administración autonómica que oferta 9.698 prazas públicas nas 166 escolas que forman parte dela; as 119 escolas infantís e puntos de atención á infancia de titularidade dos concellos galegos en que a Xunta de Galicia contribúe ao financiamento a través do Plan Concertado; as 424 prazas concertadas mediante licitación pública en 23 centros privados para quen non obtivese praza nas escolas da rede autonómica, e as preto de 2.700 prazas en 47 centros educativos dependentes de entidades privadas de iniciativa social (EPIS).

Así mesmo, porase en marcha o Bono Concilia, un programa de axudas económicas directas ás familias para colaborar no pagamento dunha praza de escola infantil xa existente naqueles casos que non a consigan nunha escola ou nun centro financiado con fondos públicos, ou que residan nunha localidade en que non existen prazas públicas. Arredor de 2.400 familias poderán beneficiarse deste programa. Todo iso, co obxectivo de conseguir que todas as familias solicitantes dunha praza para a atención de nenos e nenas de entre 0 e 3 anos a obteñan e non exista lista de agarda.

Por outra banda, poñeranse a andar novos recursos e novas liñas de financiamento: casas niño, escolas infantís en contornos empresariais, servizo de axuda no fogar infantil- Bono Coidado e levarase a cabo o investimento para a mellora de infraestruturas de atención á infancia. Con respecto a este último, a administración autonómica habilitou neste exercicio unha liña orzamentaria específica destinada a apoiar os concellos galegos na conservación e mellora das escolas infantís de 0 a 3 anos e dos puntos de atención á infancia da súa titularidade.

As casas niño constitúen un novo servizo de atención continuada á infancia de ata tres anos de idade para núcleos rurais de Galicia, que por mor da súa escaseza de poboación carecen deles. Así, financiaranse de xeito experimental un máximo de 30 casas niño, que proporcionarían 150 novas prazas no territorio.

Outra das novidades é o financiamento, a través dunha convocatoria de subvencións, de parte do gasto derivado da construción dunha escola infantil no recinto dun polígono industrial ou parque empresarial, encargándose a asociación empresarial da súa xestión. A Xunta de Galicia financiará unha escola infantil de tres unidades (41 prazas) en cada polígono industrial que obteña a subvención e nos anos 2016/17 espérase financiar a posta en marcha de 7 escolas infantís destas características.

Así mesmo, a Xunta porá en funcionamento o servizo de axuda no fogar infantil (SAFI) e o Bono Coidado. Trátase dun recurso complementario de apoio ás familias para a atención e coidado puntual no domicilio familiar dos e das menores de 12 anos, cando circunstancias imprevistas e debidamente xustificadas impidan ou dificulten a súa realización ás persoas que habitualmente desenvolven esta función. As persoas usuarias do SAFI serán incluídas automaticamente no programa do Bono Coidado, unha axuda económica directa que cubrirá unha porcentaxe do custo do servizo, variable en función da renda per cápita da unidade familiar, podendo chegar ao 100% do prezo por hora no caso das rendas máis baixas.

Dentro das accións de fomento da conciliación, a Consellería de Política Social elevará en 2016 ao Consello da Xunta unha iniciativa para a incorporación de cláusulas sociais a favor das empresas que apliquen medidas de conciliación en todas as licitacións de contratos da Administración autonómica.

Con estas actuacións, avánzase no obxectivo de crear un ambiente social favorable en que non entren en conflito as responsabilidades parentais de coidado, co acceso e permanencia no mercado de traballo. A finalidade é conseguir que Galicia sexa un lugar mellor para vivir, para formar unha familia e para ter fillos/as. Por iso, a Xunta de Galicia consignará para estas actuacións en materia de conciliación un orzamento de 66.124.923 euros.

Programa de apoio á natalidade (PAN)

A atención á infancia e o apoio ás familias é unha das liñas estratéxicas de actuación da Xunta de Galicia. As anteriores medidas forman parte do eixo PAN Concilia do Programa de apoio á natalidade. O PAN complétase coa liña PAN Axudas, que inclúe a tarxeta benvida e outras medidas como a dedución fiscal por nacemento ou o pagamento único por neno ou nena menor de tres anos; e co PAN Servizos, eixo en que se enmarcan recursos e servizos para as familias galegas co obxecto de crear contornos favorables e mellorar o seu benestar no momento da chegada dun fillo ou filla. O PAN Servizos inclúe a recente creación dun banco de leite materno ou a posta en marcha do fogar dixital para acompañar o embarazo e a chegada do bebé.

A XUNTA ACHEGARÁ 33 MILLÓNS DE EUROS ATA 2018 PARA COLABORAR COS CONCELLOS NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

- *Un informe da Consellería do Medio Rural sobre esta materia foi analizado hoxe polo Consello do Goberno galego*
- *A diferenza de convocatorias pasadas, nesta ocasión os convenios coas entidades locais terán carácter plurianual, o que redundará nunha estabilidade asegurada no servizo*
- *A colaboración cos municipios fai especial fincapé nas actuacións preventivas, mediante a xestión da biomasa vexetal, para diminuír a carga de combustible no propio monte e en áreas adxacentes*

A Xunta destinará un total de 33 millóns de euros nos anos 2016, 2017 e 2018 (a razón de 10 millóns por exercicio) a financiar os convenios de colaboración coas entidades locais galegas en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Estes fondos servirán para reforzar a loita contra os lumes a través dunha serie de actuacións por parte dos concellos, como son a incorporación dun vehículo motobomba ao dispositivo da Xunta, a realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado e a intervención de brigadas, que tamén pasarán a formar parte do operativo autonómico realizando actuacións de defensa e extinción, pero ademais a través da prevención mediante rozas de xeito manual.

A diferenza de convocatorias pasadas, nesta ocasión o convenio formalizado terá carácter plurianual, cunha duración de 3 exercicios, o que redundará nunha estabilidade asegurada no servizo que darán as entidades locais. Así, os traballos de prevención poderán realizarse con maior tempo, favorecendo o seu desenvolvemento durante todo o ano. En calquera caso, a xustificación dos gastos imputables ao convenio deberá presentarse anualmente e o pagamento tamén terá natureza anual.

Prevenición

A colaboración cos municipios fai especial fincapé nas actuacións preventivas, mediante a xestión da biomasa vexetal coa aplicación de tratamentos silvícolas, para diminuír a carga de combustible no propio monte e en áreas adxacentes. Trátase de crear discontinuidades horizontais e verticais, de xeito que se consigan modelos de combustibles en que o lume, en caso de producirse, avance con máis lentitude, menor intensidade e con chamas de menor lonxitude.

A Consellería do Medio Rural, a través dos seus servizos provinciais, realizará un ofrecemento expreso a todas e cada unha das entidades locais de Galicia para a

subscrición deste convenio. Se as solicitudes presentadas superan a contía orzada, aplicaranse os seguintes criterios de prioridade: entidades locais que conteñan parroquias de alta actividade incendiaria (PAAI); concellos que estean declarados como zonas de alto risco (ZAR) de incendios forestais e mancomunidades de municipios, polo seu labor conxunto e agrupado, favorecendo a coordinación e xerando sinerxías entre varias entidades municipais.